

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 11, 29-32

Naquel tempo, a xente xuntábase arredor del e Xesús púxose a dicirlles:

– «Esta é unha xeración perversa; reclama un sinal, pero non se lle vai dar máis sinal có de Xonás. Pois coma Xonás foi sinal para os ninivitas, así o será tamén o Fillo do Home para esta xeración.

A reina do Sur enfrontarase no Xuízo con estes homes, e fará que os condenen, porque ela veu desde o cabo do mundo para escoitar a sabedoría de Salomón; e aquí está quen é máis ca Salomón.

Os habitantes de Nínive enfrontarase no Xuízo con esta xeración e farán que a condenen, porque eles convertéronse cando escoitaron a predicación de Xonás; e aquí está quen é máis ca Xonás.»